

FLORA

Flora recolle a faba e cociña
na súa casa chea de galiñas sen nai
Don Anselmo é o dono do terreo
viúvo con chapeu de gángster
vive só nun cabano de madeira e tellado de palla
toda a mañá traballa ao sol na súa leira empinada,
os terrados feitos con troncos de árbore caída
Vainas secas e *ají* para moer

«Dentro dun mes recolleremos o *ají*,
non vas ficar?
Haberías de ficar.
É máis divertido, vén moita xente»

Masca coca Don Anselmo e non quere comer,
Flora dille que hai que comer que non asombre.
«Agora comeremos»

Arroz e pataca fervida,
un ovo cocido nun prato de latón
mesturado con anacos de tomate e
un *ají* picadiño que Flora colle aquí mesmo
partímolo ben
«como pica o condenado»

Comemos coas mans
o arroz na bolsa de plástico
arrodeadas das moreas de vaiñas que apañamos
e agora imos debullar

Don Anselmo á sombra da árbore
míranos e mira a horta e mira o ceo
esa nube que tapa o sol e deixa a pel descansar
e masca coca
aínda non ennegreceron as fendas dos seus beizos
negrura verde e pastosa que tinguirá tamén os dentes
«Está doce esta coca, Don Anselmo,
está doce e suave, follas cativas
sabe a cor verde»
«Agora mascaremos»

Namentres abrimos as vaiñas
Flora fala do diaño
aparéceselle de cando en cando no camiño de volta para a
casa
«Cando un morre
morreu e xa está»

Flora fala da gordura
que non a deixa ben camiñar

Flora non gusta do cheiro da menta salvaxe de Cascada
E despois de lavar e lavarse no río
pousa na pedra a súa *pollera* en voo
e amarra o cábelo no centro da fronte
Xa na casa
a súa saia enchoupada a mollalo todo

Flora tira pola fiestra todas as cascas das verduras para o guiso
que caen sobre as galiñas sen nai
e as pitas negras
que a filla de Flora quere coma cans e gatos

Flora está cansa de ser nai
mais trátanos coma fillas
péchanselle os ollos nun chisco de silencio
comida yungueña comida de labregas
ají de fideo
arroz con papa e media sardiña enlatada
vai ser a gordura
«Eu non sei que será
deste cansazo que teño
agora comeremos
agora descansaremos
Coca vamos mascar»

Súa filla morreu cativa pechada nun hospital de La Paz
Flora non chora máis case chora
sentada na cadeira de caixas de ovos
non chora
máis case chora

Nun chisco de silencio deixa a súa vida
durmir

Sol Mariño, *As alas da serpe*, Aira, Allariz, 2023, pp. 71-74.